

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de xuño de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 23, 30 de abril, 7, 14, 21 e 28 de maio de 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase outorgar as licenzas urbanísticas: para acondicionamento de inmovble para café-restaurant e albergue para hotel de catro estrelas en Cra Vegadeo N-640 - Km 8,5 (A Palloza) ((expte: 2025/y001/000125) e para construír un edificio na rúa Río Eo números 33 35 (expte: 2022/Y001/000308).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do plan especial de infraestruturas e dotacións para cemiterio en Portanova-Coeses.

Tamén se acorda a aprobación da delimitación para normalización de fincas na avda. Breogán.

3. XUVENTUDE.- Acórdade aprobar o plan de autoprotección Arde Lucas 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

4. CONTRATACIÓN.- Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de abastecemento de auga ao núcleo de Cima de Vila (Lugo) fase 3, obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación 2024 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025/C002/000006.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de acondicionamento e mellora de estrada en Brea (Ririmol), Liñar (Vilachá de Mera) e nas proximidades do Centro Social de Calde, obra incluída no Plan da Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C002/000013.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de "Rexeneración do firme na rúa da Agricultura" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C002-000010.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de abastecemento de auga na parroquia de Pías (segunda fase), obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación 2024 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025/C002/000005.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación obra acondicionamento e mellora de estrada en San Andrés de Castro, de estrada nas proximidades da igrexa, de estrada nas proximidades do colexio de Nadela e da estrada de acceso á urbanización (S. Xoán da Pena), obra incluída no Plan da Deputacion de Cooperación cos concellos 2025 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025/C002/000012.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de acondicionamento e mellora da

estrada de acceso a Abelairas (S. Xoán do Alto) e de accesos a Pacios (Santa Comba), obra incluída no Plan da Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025/C002/000011.

Taméns e acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra rede de saneamento no núcleo de Saamasas obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación 2024 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025/C002/000007.

5. PERSOAL.- Acórdase a rectificación de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, do erro material e manifesto existente no acordo 9/302 aprobación da oferta de emprego público do Concello de Lugo para o ano 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMIÇÃO DA LINGUA

6. EDUCACIÓN.- Acórdase a aprobación das bases da convocatoria de subvencións ás Anpas (asociacións de nais e pais de alumnos) de centros sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo para o ano 2025.

Tamén se acorda deixar sen efecto acordo nº 9/178 e adopción de novo acordo de convalidación do Decreto da Alcaldía núm. 929/2025 relativo á concesión dos premios, aprobación da autorización e disposición do gasto, do recoñecemento e liquidación da obriga e da ordenación do pago aos premiados no 30º certame de contos e relatos curtos Trapero Pardo.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

7. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación das bases de selección de proxectos innovadores para a súa participación no programa Turistalent 5.0.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5975940414770157166.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-6-2025

Fóra da orde do día

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.